



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

exp. 2017/G003/000072

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN OBRA SANEAMIENTO E PLUVIAIS EN SESTELOS-LIRA (PAS-2015)

EXPEDIENTE:2017/G003/000072

ANTECEDENTES:

Instruído o procedemento para a contratación mediante procedemento negociado da obra denominada SANEAMIENTO E PLUVIAIS EN SESTELOS (PAS 2015), conforme ás cláusulas do prego-tipo aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña e as disposicións normativas de carácter xeral en materia de contratación administrativa.

Visto que tras o requerimento efectuado polo concello, dentro do prazo establecido a tal efecto, o licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa aportou a documentación xustificativa a que fai referencia o citado prego de cláusulas administrativas, así como a constitución da garantía definitiva e, ademais, que dispón dos medios que se comprometése a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Adxudicar á empresa BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L. con CIF B70355615 o contrato de obras de SANEAMIENTO E PLUVIAIS EN SESTELOS-LIRA, por procedemento negociado aprobado por resolución do Alcalde e publicado conforme ao previsto no prego de cláusulas administrativas. O prezo do contrato IVE engadido ao tipo impositivo do 21 por cento é de trinta e catro mil dous centro oitenta euros (34.280,00€)

SEGUNDO. Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 160-629.01 do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO. Notificar, nos termos previstos no artigo 151.4 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO. Notificar a BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L., adxudicatario do contrato, a presente resolución e citalo para a sinatura do contrato, que terá lugar antes de transcurridos quince días a contar desde o seguinte en que reciba a notificación da presente resolución, na Casa do concello de Carnota.

QUINTO. Publicar a formalización do contrato de obras de no perfil do contratante.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Carnota co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

exp. 2017/G003/000072

SEXTO. Unha vez formalizado o contrato, de conformidade co disposto no artigo 7.2 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, o contratista deberá presentar o Plan de seguridade e saúde da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde do proxecto, para a súa aprobación polo concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa comunicación á autoridade laboral. Despois de realizar este trámite, procederase á acta de implantación e inicio da obra.

SÉTIMO. Nomear Director Facultativo a D. José Carlos Leis Caruncho, arquitecto dos servizos técnicos municipais.

OITAVO. Nomear coordinador de seguridade e saúde das obras ao arquitecto Colexiado n.º 3817 D. José Lorenzo Crespo Rama, con DNI n.º44826121H.

En Carnota, mércores 8 de marzo de 2017

O alcalde
Ramón Noceda Caamaño

Dou fe. O secretario
Celestino Amigo Liñares